



Sanidade

CCOO reclama a implantación xeralizada de Técnicos/as Superiores en Dietética do SERGAS nas cociñas hospitalarias

O sindicato pide que esta categoría profesional estatutaria estea presente en todas as quendas e servizos de comidas e reclama avanzar na recuperación para a xestión pública das cociñas actualmente externalizadas.

10-08-2026. - A Federación de Sanidade e Sectores Sociosanitarios de CCOO de Galicia reclama ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a incorporación efectiva e xeralizada da categoría estatutaria de Técnico/a Superior en Dietética (TSD) en todas as cociñas hospitalarias, tanto nas de xestión pública como nas externalizadas, garantindo a súa presenza nas diferentes quendas e servizos de comidas.

CCOO advirte de que, malia tratarse dunha categoría profesional existente no SERGAS desde hai anos, a súa presenza nos hospitais continúa sendo moi limitada. Esta situación provoca, segundo o sindicato, que determinadas funcións de supervisión e toma de decisións acaben recaendo sobre outras categorías profesionais ás que non lles corresponden.

A organización sindical subliña que a presenza de TSD estatutarias permitiría **supervisar as dietas antes da súa distribución, detectar posibles erros nas dietas especiais ou nas alerxias e garantir que cada paciente reciba correctamente a alimentación prescrita** durante todas as quendas de comida.

CCOO considera especialmente necesaria esta categoría profesional nas cociñas hospitalarias externalizadas. O sindicato defende que a supervisión directa da alimentación dos pacientes debe recaer en persoal estatutario do SERGAS, co obxectivo de garantir unha actuación independente, centrada exclusivamente na seguridade e na calidade asistencial e sen posibles conflitos de interese derivados da xestión privada.

Ademais, a Federación de Sanidade de CCOO cuestiona que se destinen recursos públicos a empresas externas cando o SERGAS dispón dunha **lista de contratación de preto de 500 persoas tituladas nesta categoría profesional**. Por este motivo, aposta por recuperar progresivamente estes servizos para a xestión directa do sistema sanitario público, atendendo ao mesmo tempo as necesidades de persoal e respectando os dereitos de mobilidade e traslado do persoal fixo.

Neste sentido, CCOO demanda ao SERGAS catro medidas concretas: a incorporación efectiva de TSD públicas en todas as cociñas hospitalarias e en todas as quendas; que a supervisión e as decisións relacionadas coa alimentación hospitalaria sexan realizadas por persoal TSD estatutario; a recuperación progresiva para a xestión pública dos servizos actualmente externalizados, evitando renovar as concesións a medida que finalicen; e que as necesidades de persoal se cubran mediante as listas de contratación do SERGAS, respectando os dereitos de mobilidade e traslado.

Para CCOO, estas medidas son necesarias para **reforzar a seguridade e a calidade da alimentación hospitalaria, garantir unha correcta utilización dos recursos públicos e respectar as funcións e os dereitos das distintas categorías profesionais**.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2026